

**NOTA DE PRENSA 023/23****11 DE MAIO DE 2023****BALANCE DOS 100 PRIMEIROS DÍAS DE GOBERNO DE ANTONIO RODRÍGUEZ TROITIÑO E A SÚA DIRECTIVA**

Con moito traballo e algunha que outra traba, o novo proxecto da Federación Galega de Automobilismo alcanza hoxe os seus primeiros 100 días de existencia.

Tres meses e apenas uns días despois dese 1 de febreiro no que a Federación cambiou de mans, moito mudou en todas as especialidades deportivas e na xestión dun equipo que recibiu o apoio para poñer en práctica un cambio necesario.

Nestes 100 días, a transparencia foi o principal estandarte da xestión da directiva da Federación Galega de Automobilismo. Sen medo a tomar decisións dolorosas, o presidente, Antonio Rodríguez Troitiño, e todos os seus colaboradores, fixeron cambios para non caer en antigas prácticas, que demostran que soamente coa verdade por diante se pode xestionar con eficiencia unha Federación desta magnitude.

Escoitar as organizacións, aos federados e como non, aos afeccionados, son premisas que obrigan a un esforzo de conciliación. Nalgúns momentos pode haber diferencias, pero sempre se abriu e se abrirá a porta da Federación para facer os campionatos mellores. Ese é un dos primeiros cambios reais, escoitar a todos por igual, sen importar o campionato ou o federado que sexa, con máxima igualdade e respecto.

Incluso, con moito esforzo, deuse cabida a probas que perderan a súa puntuabilidade nacional, e a outras que por distintos motivos quedaran fora dos calendarios, mostrando que con proactividade e vontade pódense sacar adiante todos os proxectos, sempre cunha dose con racionalidade e calma. Por primeira vez en moitos anos, non coinciden probas autonómicas e estatais da mesma modalidade na mesma fin de semana.

Nesa clave de diálogo, o entendemento institucional voltou á FGA. A clase política galega volve a contar coa Federación Galega de Automobilismo, e incluso as relacións normalizáronse coa Real Federación Española de Automovilismo, despois de anos de

illamento que non beneficiaban a ningunha das partes.

Outro punto clave no programa electoral era mudar a sede da FGA a un punto equidistante. Finalmente o lugar escollido foi Lalín, centro de Galicia, nun local perfectamente adaptado ás necesidades actuais da federación a un coste moi inferior que o anterior, que era propiedade do ex-presidente.

Os costes son clave nun deporte da magnitude do automobilismo. Este ano, os portes de todos os equipos ás probas está subvencionado, polo que a conta de gastos dos organizadores viuse alixeirada con respecto a anos anteriores.

Para os federados, a creación das licenzas de autocross a un prezo máis reducido son un alivio nos petos dos deportistas, o mesmo que a non obligatoriedade dende este ano da licenza de asistencia e a creación do pasaporte técnico con validez para cada vehículo.

Evidentemente, o aspecto deportivo, xunto coa xestión económica, é un dos puntos con maior traballo. A creación do campionato de mix-cross é so o primeiro paso dun camiño longo, que levará a FGA a incluír novas modalidades e a mellorar as existentes, tanto en formatos de competición como en interese para os afeccionados e patrocinadores.

En apenas tres meses, dúas novas Copas aterrizaron no Galego de Rallyes. O Clio Trophy Galicia é o claro exemplo da confianza das marcas na nova directiva, o mesmo que a creación do Criterium Recalvi – Beca 24, que procurará atopar un novo talento do automobilismo galego con custos reducidos e controlados.

Precisamente, as verificacións están a ser máis estrictas, tal e como se prometeu en campaña electoral. A igualdade e legalidade dos vehículos ten que ser unha constante e o esforzo é evidente, o mesmo que o respecto as distintas homologacións dos elementos de seguridade dos equipos. No apartado administrativo, o control da roupa faise mediante un documento que os federados soamente teñen que cubrir unha vez, o que axiliza todo o proceso.

Outra promesa, o coche 0, xa é unha realidade, con Toño Villar como piloto de referencia e experiencia máis que contrastada.

Na montaña, o cambio é evidente tamén. Cos campionatos todavía por comezar, o organigrama e o programa horario terá máis racionalidade, cun novo sistema de puntuación nas mangas, a aplicación do Performance Factor e a obrigabilidade de puntuar en alomenos unha proba por provincia, de cara a axudar a todas as organizacións.

O Campionato Galego Júnior de Carcross deu comezo en O Castro continuando o posto en marcha con acerto o ano pasado, e xa se viron interesantes loitas e cronos entre os máis xóvenes. Ademáis, tal e como se prometeu, xa houbo varias xornadas de adestramentos previas as carreiras para que os federados preparen as probas con garantías e seguridade.

No karting, ademáis do cambio de promotor que estamos seguros relanzará a modalidade, temos en marcha o proxecto do primeiro Campionato Galego de Karting Eléctrico, que esta tempada terá catro probas.

O Rallymix estrea a categoría de dúas rodas motrices para asentar todavía máis unha modalidade de éxito nos certames autonómicos.

Nas próximas semanas comezaremos a traballar no regulamento dunha nova modalidade moi demandada polos federados, o Campionato de Galicia Open de Rallyes.

Por último, neste ámbito deportivo, a supresión dos coeficientes iguala as forzas de todas as probas, que así non sufrirán penalizacións nas inscricións.

No apartado económico e despois da marcha dalgún patrocinador importante ao que sempre estaremos agradecidos polo seu esforzo e xenerosidade, temos a enorme ledicia de dar a benvida a varios novos colaboradores, como Recalvi, Staroil ou GT2i, entre outros que están por vir e que se unan aos que xa están habitualmente nos certames galegos e cos que estamos moi satisfeitos pola súa axuda.

O control de gastos xa se aplicou dende o primeiro día, cunha redución evidente nos custos de persoal é unha xestión dos recursos materiais máis racional, o que

favorecerá a liquidez da FGA.

Ademáis, as modalidades de autocross, karting e slalom recibirán subvencións, nunha acción que procura equiparar as modalidades deportivas galegas

No apartado de comunicación, adoptáronse varios cambios. Fai unhas semanas, a Federación comezou a traballar con Visualpublinet no desenvolvemento dun novo portal web adaptado as novas necesidades dos federados e os afeccionados, ademáis de crear as tan necesarias redes sociais da FGA e outros servizos para axudar aos deportistas e organizadores a gañar en visibilidade.

Como parte do servizo que se quere dar ás organizacións, tamén se adquiriron licenzas de Sportity, para facilitar o seu traballo con este tablón en liña.

O programa “FGA nas Aulas”, que xa tivo a primeira charla das catro plantexadas en 2023, quere achegar o automobilismo aos estudantes de Formación Profesional galegos, antes de desembarcar nos colexios de Primaria e Secundaria de Galicia en 2024. O obxectivo, captar novos afeccionados, técnicos e federados que continúen coa paixón dos actuais seguidores do deporte galego.

Tamén comezarán nas próximas semanas distintos seminarios e cursos para a formación de oficiais e comisarios para as probas galegas, impartidos por xente experimentada, en distintas ubicacións en Galicia e a prezos populares.

Tal e como se viu na prensa nas últimas semanas, a postura da FGA con respecto a creación dun circuito galego de velocidade é firme. O apoio aos proxectos que se presenten será unha premisa, conscientes da dificultade de sacar adiante este requerimento tan antigo.

E como non, tal como se afirmou anteriormente, o traballo de escoitar aos federados ten os seu claro exemplo na posta en funcionamento dun buzón de suxerencias, no que poden mostrar as súas inquedanzas e desexos para mellorar a Federación.

Todo isto, en apenas tres meses de xestión, no que a ilusión e o traballo incansable da nova FGA está a amosar os primeiros froitos.